

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

Corrección de erros.-Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

Advertidos erros no citado decreto, publicado no DOG nº 63, do 2 de abril de 2002, cómpre face-las seguintes correccións:

No artigo 2.2 letra c), na páxina 4.115, onde di: «Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento, para a garda e defensa e en concreto os pertencentes ás razas seguintes:...», debe dicir: «Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os pertencentes ás razas seguintes:...».

No artigo 5 letra 5, na páxina 4.117, parágrafo 3, alínea 7, onde di: «Especificación de se o animal está destinado a convivir cos seres humanos ou se finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique», debe dicir: «Especificación de se o animal está destinado a convivir cos seres humanos ou se ten finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

Decreto 131/2002, do 4 de abril, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, dun terreo situado no concello de Celanova (Ourense), destinado á construción dunha estación de autobuses.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Celanova, reunido en sesión que tivo lugar o día 7 de xuño de 2001, acordou ceder á Comunidade Autónoma de Galicia o predio situado nas proximidades da avda. de San Rosendo, destinado á construción dunha estación de autobuses.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o correspondente expediente de aceptación de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 33, 34 e 38 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos nos que o Concello de Celanova acordou a cesión e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de abril de dous mil dous,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase a cesión, feita polo Concello de Celanova, a título gratuito, do predio de 1.500 m², situado nas proximidades da avda. San Rosendo, e cos seguintes lindeiros; ó norte, camiño do muíño; ó sur, Sofía Quiroga Vergara e fillos; ó leste, Sofía Quiroga Vergara e fillos, e ó oeste, camiño do muíño.

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Celanova no tomo 772, libro 123, folio 105, predio nº 15.959.

Artigo 2º

O predio cedido destinarase á construción dunha estación de autobuses.

Artigo 3º

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, procederá á formalización da cesión no correspondente documento público e á inscrición do ben no Rexistro da Propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo tódolos trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, catro de abril de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

Decreto 132/2002, do 4 de abril, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, feita polo Concello de Pontevedra, dun predio situado na rúa Juan Carlos I de Pontevedra, para a construción do edificio do Conservatorio Profesional de Música.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Pontevedra, reunido en sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 2001, acordou ceder á Comunidade Autónoma de Galicia o predio situado na